




1ª EDICIÓN Concurso de
**PROXECTOS COFINANCIADOS
CON FONDOS EUROPEOS**





1ª EDICIÓN

Concurso de

**PROXECTOS COFINANCIADOS
CON FONDOS EUROPEOS**



INTRODUCCIÓN	6
PROXECTO EuropaXunta é máis Intelixente, Competitiva e Dixital	8
PROXECTO EuropaXunta é máis Verde e Conectada	10
PROXECTO EuropaXunta pola Inclusión Social	12
PROXECTO EuropaXunta pola Educación e o Emprego	14
PROXECTO EuropaXunta é máis Innovadora e Novidosa	16
GAÑADOR Proxecto europeo do ano en Galicia	18
FOTORREPORTAXE Gala EuropaXunta	20



O Concurso Anual de Comunicación de Fondos Europeos de Galicia 2024, organizado pola Dirección Xeral de Cohesión e Fondos Europeos (DXCFE) da Consellería de Facenda e Administración Pública, tivo como obxectivo dar visibilidade e incrementar a concienciación cidadá sobre os resultados e o valor dos fondos europeos en Galicia. Este concurso anual está dirixido a premiar proxectos que reciben financiamento de fondos europeos como o **FEDER**, o **FSE/FSE+**, o **FEADER** e o **FEMP/FEMPA**, entre outros. O concurso estruturouse en dúas fases, cunha final que se celebrou o 3 de outubro de 2024 no marco do Acto Anual de Comunicación.

Os proxectos competiron en cinco categorías. A categoría **#EuropaXunta máis Intelixente, Competitiva e Dixital** inclúe proxectos relacionados coa transformación industrial, o apoio ás pemes, a investigación e a dixitalización.

A categoría **#EuropaXunta máis Verde e Conectada** céntrase en iniciativas orientadas á transición enerxética, ás enerxías renovables, á loita contra o cambio climático, á protección ambiental e á mobilidade sostible.

Pola súa parte, a categoría **#EuropaXunta pola Inclusión Social** abarca proxectos que favorecen a inclusión social e combaten a pobreza, mellorando o acceso a servizos como o emprego, a sanidade ou o coidado infantil.

A categoría **#EuropaXunta pola Educación e o Emprego** abrangue proxectos que promoven a educación, a formación continua e a creación de emprego.

Finalmente, a categoría **#EuropaXunta é Innovadora e Novidosa** acepta proxectos en curso que presentan novidades e formas alternativas de abordar retos actuais.

Todos os proxectos seleccionados están completamente implementados, salvo na categoría **#EuropaXunta é Innovadora e Novidosa**, onde se aceptaron proxectos en fase de desenvolvemento.

Na primeira fase, os proxectos foron seleccionados baseándose en criterios como a contribución aos obxectivos dos fondos europeos, a innovación, o impacto local e rexional ou a capacidade de replicarse, entre outros. Seleccionáronse ata tres proxectos por categoría para pasar á segunda fase. Esta fase final, celebrada no Acto Anual de Comunicación, consistiu na presentación de cada proxecto finalista durante cinco minutos, onde o público presente votou polo proxecto gañador. O proxecto máis votado foi condecorado como o "Proxecto europeo do ano en Galicia".

Neste concurso destacou o papel crucial dos fondos europeos no desenvolvemento rexional de Galicia e permitiu recoñecer proxectos que contribúen ao **crecemento sostible, a inclusión social e a innovación no territorio galego**.

A continuación preséntanse brevemente os proxectos gañadores en cada unha das categorías, é dicir, os proxectos que pasaron á fase final.

PROXECTO

EuropaXunta é máis Intelixente, Competitiva e Dixital

Plan de innovación de Granja Campomayor

GRANJA CAMPOMAYOR é unha empresa familiar dedicada á produción de ovos e ovoprodutos desde hai máis de 75 anos nos que sempre ten estado á vangarda do sector avícola. En 2017 a empresa adquiriu a patente do CSIC para crear novos produtos baseados no ovo hidrolizado, que se obtén de tratar a clara de ovo cunha enzima que rompe as proteínas en fragmentos de pequeno tamaño.

A través da liña de axudas Innova Peme da Axencia Galega de Innovación, a empresa logrou desenvolver procesos para levar ao mercado novos ovoprodutos baseados na hidrólise da clara, e tamén optimizar a produción do ovo a baixa temperatura.

CAMPOMAYOR é un claro exemplo de como os Fondos Europeos contribúen ao crecemento empresarial, a modernidade do sector primario e aposta pola tecnoloxía e a innovación aproveitando os diversos fondos FEADER e FEDER recibidos nos últimos anos.



FONDO QUE FINANCIA

Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER)

PROGRAMA

Programa Operativo FEDER Galicia 2014-2020

OBXECTIVO ESPECÍFICO NO QUE SE ENMARCA O PROXECTO

Impulso e promoción de actividades de I+i lideradas polas empresas.

PERÍODO DE REALIZACIÓN

Xuño 2021 - Setembro 2022

ORZAMENTO TOTAL DO PROXECTO

169.939 euros

IMPORTE DA CONTRIBUCIÓN DOS FONDOS EUROPEOS

67.951 euros

BENEFICIARIO

Granja Campomayor



PROXECTO

#EuropaXunta é máis Verde e Conectada

INNOVAUGAS 4.0.

Xestión avanzada dos recursos hídricos galegos

INNOVAUGAS supón un avance cara a unha xestión integral dos recursos hídricos en Galicia, que aborda a protección e o equilibrio dos ecosistemas e recursos naturais en paralelo ao benestar económico e social equitativo.

O proxecto Innovaugas 4.0 enfocouse en dar resposta eficiente aos procesos de xestión da información que concorren na toma de decisión, a xestión de datos máis eficientes ou o almacenamento e procesado dos mesmos para a súa consulta e o tratamento avanzado da información mediante intelixencia artificial, big data e algoritmos avanzados.

Desta maneira se configura unha modernización da xestión da auga que permite unha mellora substancial en aspectos clave como a avaliación do estado das masas de auga, previsión de eventos de contaminación en encoros, a xestión de eventos de seca ou inundación e o aforro enerxético e unha menor pegada de carbono das infraestruturas hidráulicas como plantas depuradoras.

Con Innovaugas, Augas de Galicia poderá realizar unha xestión integrada avanzada dos recursos hídricos, aumentar a resiliencia fronte ás consecuencias de fenómenos extremos como inundacións e secas e desenvolver ferramentas que permitan que as infraestruturas hidráulicas, como as estacións depuradoras de augas residuais, poidan contribuir á transición verde.



FONDO QUE FINANCIA

Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER)

PROGRAMA

Programa Operativo Plurirrexional de España (POPE) 2014-2020

OBXECTIVO ESPECÍFICO NO QUE SE ENMARCA O PROXECTO

Apoio á compra pública innovadora (CPI)

PERÍODO DE REALIZACIÓN

Decembro 2020 - Maio 2023

ORZAMENTO TOTAL DO PROXECTO

7.000.000 euros

IMPORTE DA CONTRIBUCIÓN DOS FONDOS EUROPEOS

5.600.000 euros

BENEFICIARIO

Augas de Galicia



PROGRAMA MENTOR DE INSERCIÓN SOCIOLABORAL PARA MOZAS E MOZOS EN RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL

O programa **MENTOR** é unha iniciativa orientada a facilitar a integración e o desenvolvemento de mozos e mozas extutelados/as e outros colectivos vulnerables a través do acompañamento e apoio personalizado. O seu obxectivo principal é promover a autonomía e mellorar as oportunidades de inserción social e laboral destas persoas mozas mediante un sistema de mentores/as voluntarios/as que lles guían na súa transición á vida adulta. O programa tamén busca fortalecer habilidades persoais e sociais, promovendo o acceso a recursos e servizos que lles permitan construír un futuro estable e independente, partindo da idea de que a inserción non se impón, se non que é cada persoa a que adquire, aprende, mellora e comprende a súa capacidade á hora de empregar os seus dereitos e exercer os seus deberes como cidadanía activa.

Nesta iniciativa son as mozas e mozos os protagonistas da súa participación en diferentes esferas da realidade social, para o que se fai preciso o apoio do programa. Non podemos esquecer que cada moza ou mozo con independencia do seu nivel de formación, a súa cualificación profesional, a súa situación familiar, etc., presenta unhas necesidades de inclusión social diferentes.



FONDO QUE FINANCIA

Fondo Social Europeo (FSE)

PROGRAMA

Programa Operativo FSE Galicia 2014-2020

OBJECTIVO ESPECÍFICO NO QUE SE ENMARCA O PROXECTO

Mellorar a inserción socio-laboral de persoas en situación ou risco de exclusión social.

PERÍODO DE REALIZACIÓN

Decembro 2016 - Novembro 2022

ORZAMENTO TOTAL DO PROXECTO

9.466.337 euros

IMPORTE DA CONTRIBUCIÓN DOS FONDOS EUROPEOS

7.573.069 euros

BENEFICIARIOS/AS

As mozas e mozos de entre 16 e 21 anos que estivesen baixo tutela ou garda da Administración Pública, suxeitos a medidas xudiciais ou fosen usuarias doutros programas dependentes da Consellería de Política Social e Igualdade logo de proposta dos equipos técnicos da persoa menor de idade e coa conformidade dela. Excepcionalmente, a participación no Programa pode prorrogarse ata os 25 anos.



PROXECTO

#EuropaXunta pola Educación e o Emprego

NAVEGANDO O FUTURO

O obxectivo deste proxecto foi a consolidación da transición tecnolóxica naval mediante o fomento da vocación, a consolidación da capacitación tecnolóxica e a micro-innovación.

Este proxecto europeo xurdiu co propósito de capitalizar e consolidar os beneficios do proxecto **Manufactur 4.0**, tamén cofinanciado por **INTERREG-POCTEP**, para o tecido empresarial do sector naval.

Para acadar tales obxectivos desenvolvéronse as seguintes accións:

-8 accións demostrativas do uso de Tecnoloxías Facilitadoras Esenciais (TFE) no naval para estudantes de educación superior/terciaria.

-2 accións de adquisición de competencias para compras tecnolóxicas complexas.

-2 bootcamps sobre compras tecnolóxicas complexas: unha en Galicia e outra en Portugal.



Interreg
España - Portugal

Fondo Europeo de Desenvolvemento Regional
Fundo Europeu de Desenvolvemento Regional



UNIÓN EUROPEA
UNION EUROPEENNE



Navegando
O FUTURO



FONDO QUE FINANCIA

Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER)

PROGRAMA

Programa de Cooperación Transfronteiriza Interreg España-Portugal (POCTEP)

OBXECTIVO ESPECÍFICO NO QUE SE ENMARCA O PROXECTO

Mellorar a participación do tecido empresarial nos procesos de innovación e nas actividades de I+D+i máis próximas ao mercado.

PERÍODO DE REALIZACIÓN

Febreiro 2023 - Setembro 2023

ORZAMENTO TOTAL DO PROXECTO

199.869 euros

IMPORTE DA CONTRIBUCIÓN DOS FONDOS EUROPEOS

149.902 euros

BENEFICIARIOS

Axencia Galega de Innovación (Beneficiario principal)

Asociación Cluster Naval Gallego (ACLUNAGA)

Centro de Apoio Tecnolóxico à Indústria Metalomecânica (CATIM)



PROXECTO

#EuropaXunta é Innovadora e Novidosa

AgriFoodTEF

Test and Experiment Facilities for the Agri-Food Domain

A Axencia Galega da Calidade Alimentaria (AGACAL), dependente da Consellería do Medio Rural, está a participar no proxecto europeo AgriFoodTEF (Testing and Experimenting Facilities), que ten como fin a incorporación da intelixencia artificial e tecnoloxías robóticas ao sector agroalimentario e forestal. No caso galego orientarase ao ámbito da produción láctea con especial atención á alimentación de precisión e á mitigación dos gases de efecto invernadoiro.

A iniciativa busca acelerar a transformación dixital e favorecer a competitividade de pequenas e medianas empresas que conforman o sector agroalimentario.

A iniciativa comezou no ano 2023, logo de que a Comisión Europea fixera unha convocatoria para apoiar unha única rede paneuropea de espazos controlados de probas de intelixencia artificial para o sector agroalimentario e dende este ano conta coa participación galega a través do nodo español.

A nivel global, AgriFoodTEF pretende constituír unha rede de infraestruturas de proba e validación en Europa que preste apoio ás empresas tecnolóxicas agroalimentarias para desenvolver solucións de produtos que utilicen como base a Intelixencia Artificial e a robótica en instalacións do mundo real.



FONDO QUE FINANCIA

Programa Europa Dixital

PROGRAMA

Programa Europa Dixital

PERÍODO DE REALIZACIÓN PREVISTO

Xaneiro 2023 - Decembro 2027

ORZAMENTO TOTAL DO PROXECTO

60.000.000 euros

IMPORTE DA CONTRIBUCIÓN DOS FONDOS EUROPEOS

30.000.000 euros

BENEFICIARIOS

30 entidades, das cales Agacal e Gradient serían as beneficiarias en Galicia.





Proxecto europeo do ano en Galicia


O proxecto que gañou a primeira edición do concurso **#EuropaXunta** foi o Programa Mentor, que recibiu o 48,2 % dos votos.

Como se comentaba na ficha, o Programa **MENTOR** é unha iniciativa orientada a facilitar a integración e o desenvolvemento de de mozos e mozas extutelados/as e outros colectivos vulnerables a través do acompañamento e apoio personalizado. O seu obxectivo principal é promover a autonomía e mellorar as oportunidades de inserción social e laboral destes/as mozos/as mediante un sistema de mentores/as voluntarios/as que lles guían na súa transición á vida adulta.

O programa tamén busca fortalecer habilidades persoais e sociais, promovendo o acceso a recursos e servizos que lles permitan construír un futuro estable e independente.



Información complementaria sobre o proxecto:



*Aceptarse
recoñecernos no reflexo
mirar por primeira vez.*

Moitos destes mozos e mozas sofren prexuízos
por seren tuteladas.


#NonNosXulgues

1ª EDICIÓN
Concurso de
**PROXECTOS COFINANCIADOS
CON FONDOS EUROPEOS**



FOTORREPORTAXE DA GALA







2024